
Atando cabos

HOMENAXE A FRANCISCO PILLADO RIVADULLA

Baixo a coordinación de Xosé Ramón Pousa



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ATANDO cabos : Homenaxe a Francisco Pillado Rivadulla / Baixo a coordinación de Xosé Ramón Pousa. -- Santiago de Compostela : Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004. -- 207 p. ; 23 cm. -- Inclúe: Escolma fotobiográfica. "Temas al azar" : antoloxía (1959-1969). "Cabos sueltos" : recopilación (1972). -- D. L. C. 2967-2004. --ISBN 84-9750-400-3

1. Pillado Rivadulla, Francisco-Discursos, ensaios, conferencias. 2. Xornalistas-Galicia. I. Pillado Rivadulla, Francisco. II. Pousa, Xosé Ramón, coord. III: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

070-057 (461.1) : 082.2 Pillado Rivadulla

© Universidade de Santiago de Compostela, 2004

TRANSCRICIÓN E COMPOSICIÓN DE TEXTOS
Fernando Redondo Neira

DESEÑO DE MAQUETA E CUBERTA
Alejandro Vidal
ILUSTRACIÓN: Retrato de Francisco Pillado Rivadulla por Luís Seoane

EDITA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

IMPRIME
Imprenta Universitaria

Dep. Legal C. 2967-2004

ISBN 84-9750-400-3

Francisco Pillado Rivadulla

Margarita Ledo Andión

Sentaba na marxe esquerda da sá de redacción como se fora a sá de estar. A pé do vitral. De costas ao despacho seu e ollando cara a porta da entrada. Turno de peche e vista de páxaro para a distribución de cada material na maqueta. Nen sospeita sequer que esa bandeira americana que tan ben se distingue nas costas do Apolo XII foi arranxada polos distribuidores para que luza máis. Tempos da carreira espacial USA-URSS, por entre os símbolos. Tempos, asemade, de contestación total.

Tamén nós soubemos muito tempo após que a foto da chegada á lúa fora preparada. Cando recomenzamos a teimar, outravolta, que a tecnoloxía ten que ver coa República, coa cidadanía.

Francisco Pillado Rivadulla viña do tempo de 'fair use', das regras profesionais á vista, de forzar o uso desas convencións como modo de enfrentar as 'normas de obligado cumplimiento' tan propia do franquismo ou de soportar a solución Fraga, entre a Lei de Imprensa do sesenta e seis que modifica a censura previa por directores de ferro e de confianza, pola ameaza lisa e con ese eufemismo para agarrar aos directores coa 'responsabilidade suxeitiva do dober'. Agás cando esa mesma responsabilidade os levou a escoller. Foron os directores que se distin-

guiron pola súa práctica intersticial. Entre lusco e fusco. Pola atención a noticias sobre a represión ou as transferencias para situacións onde a realidade terá que ver coa liberdade. Por motivos diversos na cidade de A Coruña coincidiron dous. O Francisco Pillado, en *La Voz*, e Rafael González, o primeiro director, en *El Ideal* e nas augas de Cristianos por el Socialismo. Ano 1973. Ano 1974

Pero denantes existiu o sesenta e oito. E do sesenta e oito Francisco Pillado Rivadulla termou na súa biblioteca personal, nesa biblioteca que agora xa é parte dos fondos da Facultade de Ciencias da Comunicación, da edición que se corresponde cos días 6 e 7 de xuño (70.000 exemplares, récord de tiraxe) e que funciona para nós como un compendio do seu idearium xornalístico e político. A noticia do día é sobranceira e o seu tratamento un manual ricaz da relación entre xéneros, da contextualización documental e da intervención editorial no mesmo acto da producción da información: *Kennedy, abatido.* As fotos, o legado de 'A Nova Fronteira' nun artigo de Arthur Schlesinger, o *background* dunha sociedade 'enferma de violencia'e na que a democracia pasa, para Bob, tamén polas medidas anti-trust. A crónica dos acontecementos en proceso, a repercusión en Galicia cunha entrevista ao profesor González Casanova, catedrático de dereito político e coas opinións de Fernández del Riego, de Alonso del Real, de Celestino Fernández de la Vega... E a frase de Bob entrecomillada: Siempre he odiado a los ricos.

Outras noticas dignas de interese para a lectura que facemos será a multa de 25.000 pesetas contra a *Revista de Economía de Galicia* que dirixía don Xaime Isla Couto, o secuestro do xornal *Madrid* e o paso de Calvo Serer polo TOP, e as negociacións de paz para o Vietnam en París. Folgas (pero en Francia). Unha medalla dunha feira calquera para el Generalísimo. A sombra da "Ley Fraga" e Pillado abrindo espacios en internacional, no re-envío á propia situación e na escolla de asuntos factuais que nos foran achegando a Galicia e á consciencia da falla de liberdade de expresión.

Pillado Rivadulla víñanos do tempo do 'fair use', da defensa absoluta dos mínimos que fan da información-información e por iso perante a chamada 'transición' encaixou o seu cese como natural. Como a resposta do patrón a unha imposición profesional exemplar, que sempre se menciona como se nos foramos dous séculos atrais. Falamos de cando ordenou –non sempre ordena só o poder–

publicar sobre a rúbrica 'publicidad política' un artigo en campaña da accionista da empresa e candidata de AP ao Congreso, María Victoria Fernández España. Ultimo xesto desa independencia da que se presumía para a prensa.

Apenas o vin mais que cando fun velo a procurar traballo recén saída da Escola de xornalismo de Barcelona xa connotada como nacionalista, a diferencia da que nesa altura el non participaba. El gostaba de Bob Kennedy, do home xusto. Eu por forza tiña que optar por ser inxusta coa inxustiza, coma o poema de Fidel de Pere Oliver. El caeu fulminado, coma o Bob.

Aínda de estudante en Barcelona lémbrome que no 72 meus colegas da Escola, Pili Iparraguirre, Pedro Palacios, Xavier Vinader, Angel Sánchez, Carles Guardia –o meu buzón clandestiño– comentabamos a aparición primeira da palabra prohibida, da palabra 'folga' en titulares para unha noticia de proximidade, a movilización nos asteleiros e un xornal nesa altura alcumado como 'de provincias': *La Voz de Galicia* que dirixía don Francisco Pillado.

Agora miro para os exemplares que el gardou con mimo canda sí. Pasou a terra varias veces. Pasou a reconversión tecnolóxica, caeron as empresas familiares, caeu o chumbo e a velocidade foi arredando o corpo da mente. Da liña tipográfica con que se compuña o relato dos feitos e que tiña que encaixar unhas pezas coas outras para facer a páxina xa nen resta memoria. Eu propia dubido se cheguei a ler iso de 'Folga no Ferrol'en letra impresa ou se foi un desexo entre centos para construirmos un tempo no que eramos quen de apalpar o desexo e cando o corpo aprendíalle á mente a se liberar.